

## 1. Identificación da programación

### Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36004137	Ramón M <sup>a</sup> Aller Ulloa	Lalín	2020/2021

### Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
IFC	Informática e comunicacións	CMIFC01	Sistemas microinformáticos e redes	Ciclos formativos de grao medio	Réxime xeral-ordinario

### Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0228	Aplicacións web	2020/2021	7	123	147

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

### Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	AMADOR ABELLEIRA GÓMEZ
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

## 2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Este módulo profesional contén a formación necesaria para desempeñar a función de instalación, configuración e utilización de aplicacións web.

A definición destas funcións abrangue aspectos como:

- Identificación das principais aplicacións web.
- Instalación das aplicacións.
- Mantemento de usuarios.
- Asignación de permisos.
- Uso das aplicacións instaladas.

As actividades profesionais asociadas a estas funcións aplícanse en:

- Instalación, configuración e mantemento de aplicacións informáticas.
- Asistencia no uso de aplicacións informáticas.

A formación do módulo contribúe a alcanzar os obxectivos xerais a), c), i), k), l) e m) do ciclo formativo, e as competencias a), c), f), i), j), m), n), o), r) e s).

As liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que permiten alcanzar os obxectivos do módulo han versar sobre:

- Instalación de aplicacións web.
- Configuración e explotación de aplicacións web.

A formación do módulo contribúe a desenvolver as competencias básicas das áreas prioritarias de idiomas e tecnoloxías da información e da comunicación, e a afondar nesas competencias.

As liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe deben abranguer aspectos como:

- Uso de catálogos e documentación en lingua estranxeira.
- Revisión e implantación de novas tendencias en tecnoloxías da información e da comunicación.

**3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha**

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Linguaxes de marcas e aplicacións web.		20	10
2	Instalación e xestión de CMS de propósito xeral.		36	20
3	Xestores de aprendizaxe a distancia.		25	20
4	Xestores web de arquivos.		20	20
5	Aplicacións web de ofimática.		23	20
6	Aplicacións web de escritorio.		23	10

#### 4. Por cada unidade didáctica

##### 4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Linguaxes de marcas e aplicacións web.	20

##### 4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Instala xestores de contidos configurados consonte certos requisitos, e identifica as súas aplicacións.	NO

##### 4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
<a href="#">CA1.12 Realizáronse páxinas web utilizando HTML e CSS.</a>
<a href="#">CA1.13 Realizáronse instalacións de servidores web.</a>

##### 4.1.e) Contidos

Contidos
Linguaxes de marcaxe para a creación de documentos web.

#### 4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Instalación e xestión de CMS de propósito xeral.	36

#### 4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Instala xestores de contidos configurados consonte certos requisitos, e identifica as súas aplicacións.	NO

#### 4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Estableceuse a utilidade dun xestor de contidos.
CA1.2 Identifícaronse os requisitos para instalar xestores de contidos.
CA1.3 Realizáronse instalacións de xestores de contidos.
CA1.4 Xestionáronse usuarios con diversos papeis.
CA1.5 Personalizouse a interface do xestor de contidos.
CA1.6 Realizáronse tarefas de actualización do xestor de contidos, nomeadamente as de seguridade.
CA1.7 Instaláronse e configuráronse os módulos e os menús necesarios.
CA1.8 Activáronse e configuráronse os mecanismos de seguridade achegados polo propio xestor de contidos.
CA1.9 Habilitáronse foros e establecéronse regras de acceso.
CA1.10 Realizáronse probas de funcionamento.
CA1.11 Realizáronse copias de seguridade dos contidos do xestor.

#### 4.2.e) Contidos

Contidos
Funcionamento dos xestores de contidos.
Actualizacións do xestor de contidos.
Configuración de módulos e menús.
Informes de accesos.
Mecanismos de seguridade.
Copias de seguridade.
Definición dos conceptos básicos: tipos e características.
Instalación en sistemas operativos libres e propietarios.
Creación de usuarios e grupos de usuarios.

**Contidos**

Utilización da interface gráfica.

Personalización do contorno empregando as ferramentas propias do xestor de contidos.

Personalización do contorno empregando linguaxes de marcaxe.

Funcionalidades proporcionadas polo xestor de contidos.

Sindicación.

#### 4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Xestores de aprendizaxe a distancia.	25

#### 4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Instala sistemas de xestión de aprendizaxe a distancia, e identifica a estrutura do sitio e a xerarquía de directorios xerada.	SI

#### 4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Instaláronse xestores de aprendizaxe.
CA2.2 Recoñeceuse a estrutura do sitio e a xerarquía de directorios xerada.
CA2.3 Realizáronse modificacións na estética ou no aspecto do sitio.
CA2.4 Manipuláronse e xeráronse perfís personalizados.
CA2.5 Instaláronse e configuráronse novos módulos no sitio.
CA2.6 Comprobouse a funcionalidade das comunicacións mediante foros, consultas, etc.
CA2.7 Importáronse e exportáronse contidos en varios formatos.
CA2.8 Realizáronse copias de seguridade e restauracións.
CA2.9 Realizáronse informes de acceso ao sitio e da súa utilización.
CA2.10 Comprobouse a seguridade do sitio.

#### 4.3.e) Contidos

Contidos
Conceptos básicos: tipos e características.
0Activación de funcionalidades.
Realización de copias de seguridade e a súa restauración.
Realización de informes.
Elaboración de documentación orientada á formación de usuarios.
Elementos lóxicos: comunicación, materiais e actividades.
Instalación en sistemas operativos libres e propietarios.
Modos de rexistro.
Interface gráfica asociada.
Personalización do contorno.

**Contidos**

Navegación e edición.

Creación de cursos seguindo especificacións.

Xestión de usuarios e grupos.



#### 4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Xestores web de arquivos.	20

#### 4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Instala servizos de xestión de ficheiros web, identifica as súas aplicacións e verifica a súa integridade.	SI

#### 4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Estableceuse a utilidade dun servizo de xestión de ficheiros web.
CA3.2 Descríbóronse aplicacións de xestión de ficheiros web.
CA3.3 Instalouse e adaptouse unha ferramenta de xestión de ficheiros web.
CA3.4 Créronse e clasifícaronse contas de usuario en función dos seus permisos.
CA3.5 Xestionáronse ficheiros e directorios.
CA3.6 Utilizáronse ficheiros de información adicional.
CA3.7 Aplicáronse criterios de indexación sobre os ficheiros e os directorios.
CA3.8 Comprobouse a seguridade do xestor de ficheiros.

#### 4.4.e) Contidos

Contidos
Conceptos básicos: tipos e características.
Comprobación da seguridade do xestor.
Instalación.
Navegación e operacións básicas.
Administración do xestor.
Usuarios e permisos.
Tipos de usuario.
Creación de recursos compartidos.
Creación de informes.
Estrutura de directorios seguindo especificacións.

#### 4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Aplicacións web de ofimática.	23

#### 4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Instala aplicacións de ofimática web, e identifica as súas características e os seus contornos de uso.	SI

#### 4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Estableceuse a utilidade das aplicacións de ofimática web.
CA4.2 Descríbense aplicacións de ofimática web (procesador de textos, folia de cálculo, etc.).
CA4.3 Instaláronse aplicacións de ofimática web.
CA4.4 Xestionáronse as contas de usuario.
CA4.5 Aplicáronse criterios de seguridade no acceso de usuarios.
CA4.6 Recoñécéronse as prestacións específicas de cada aplicación instalada.
CA4.7 Utilizáronse as aplicacións de xeito colaborativo.

#### 4.5.e) Contidos

Contidos
Conceptos básicos: tipos e características.
Instalación.
Utilización das aplicacións instaladas.
Xestión de usuarios e permisos asociados.
Comprobación da seguridade.
Realización de informes.
Elaboración de documentación orientada á formación.

#### 4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	Aplicacións web de escritorio.	23

#### 4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA5 - Instala aplicacións web de escritorio, e identifica as súas características e os seus contornos de uso.	SI

#### 4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA5.1 Descríbóronse aplicacións web de escritorio.
CA5.2 Instaláronse aplicacións para prover de acceso web o servizo de correo electrónico.
CA5.3 Configúranse as aplicacións para as integrar cun servidor de correo.
CA5.4 Xestionáronse as contas de usuario.
CA5.5 Verificouse o acceso ao correo electrónico.
CA5.6 Instaláronse aplicacións de calendario web.
CA5.7 Recoñécéronse as prestacións específicas das aplicacións instaladas (citas, tarefas, etc.).
CA5.8 Utilizáronse as aplicacións de xeito colaborativo

#### 4.6.e) Contidos

Contidos
Conceptos básicos: tipos e características.
Aplicacións de correo web.
Aplicacións de calendario web.
Instalación.
Xestión de usuarios.
Elaboración de documentación orientada á formación.

## 5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

### AVALIACIÓN CONTINUA

Para superar o módulo mediante a avaliación continua cómpre ter unha cualificación polo menos do 50% do total dos pesos da táboa de criterios de avaliación de cada unidade didáctica.

O temario estará dividido en dúas avaliacións. Farase un exame a través da aula virtual para cada avaliación.

Para cada tema haberá varias actividades de entrega obrigatoria, a través da aula virtual. A entrega de todas as actividades propostas en tempo e forma establecidas. O alumno que non entregue todas as prácticas obrigatorias, NON poderá presentarse ao exame da avaliación ou a recuperación e polo tanto non superará a avaliación-

### AVALIACIÓN ORDINARIA

Para alcanzar a avaliación positiva, cómpre ter unha cualificación polo menos do 50% do total dos pesos marcados cun SI no apartado de Mínimos exigibles da táboa de criterios de avaliación de cada unidade didáctica.

Para lograr superar o módulo ao remate do mesmo deberase superar unha proba (exame teórico e/ou práctico) obtendo nela unha nota mínima de 5 sobre 10.

## 6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

### 6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Para o alumnado que non supere algunha das unidades didácticas deseñaranse exercicios similares aos realizados durante o curso, que tamén serán avaliados da mesma forma. Estes exercicios serán realizados de forma autónoma polo alumnado, sendo titorizados e orientados polo profesor encargado do módulo.

No caso de que na 2ª avaliación non se supere o módulo, para cada alumno será deseñado un plan individualizado de recuperación con exercicios similares aos realizados durante o curso, que deberán ser realizados polos alumnos de forma autónoma. O modo de avaliación será similar ao realizado durante o curso. A realización destes exercicios será obrigatoria. No caso de que non fosen realizados, deberán realizar unha proba final ao fin do período de recuperación. Nesa proba haberá exercicios de cada unha das unidades didácticas.

### 6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Os alumnos que perdan o dereito de avaliación continua serán avaliados mediante unha proba ao remate do terceiro trimestre do curso. Nesa proba haberá exercicios de cada unha das unidades didácticas similares aos que realizan durante o curso o resto do alumnado. Cómpre ter unha cualificación polo menos do 50% en cada bloque de exercicios para superar o módulo.

## 7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Comunicación ao alumnado dos mínimos exigibles e criterios de avaliación e cualificación.

O profesor do módulo comunicará os mínimos exigibles ao alumnado na sesión de presentación do mesmo; asemade, indicará os criterios de avaliación que se aplicarán e o seu medio de cualificación.

Seguimento da programación

Unha vez ao mes, nas reunións do departamento de Informática, farase o seguimento da programación, pódose en común as incidencias

acontecidas para favorecer a coordinación dos membros do departamento, e evitar duplicidades á hora de impartir as clases, favorecendo os procesos de ensino-aprendizaxe e reflectindo o grao de cumprimento con respecto á programación e a xustificación razoada no caso de desviacións na acta correspondente.

Trimestralmente, o profesor realizará un informe sobre o cumprimento da programación onde se indicará o cumprimento de obxectivos, contidos traballados, resultados académicos e temporalización.

Ao final do curso o profesorado completará un formulario por cada grupo de alumnos aos que impartiu docencia no que se recollerán os seguintes aspectos:

Os contidos traballados e, no seu caso, os motivos polos que algúns deles non se completaron.

Os obxectivos acadados.

A porcentaxe de alumnos que supera o módulo.

As actividades complementarias e extraescolares realizadas e a súa valoración.

Os acordos tomados.

Toda esa información, xunto coas incidencias, cambios e propostas de cambio, serán recollidos na memoria do departamento de Informática que servirá de base para a elaboración da programación do seguinte curso.

## 8. Medidas de atención á diversidade

### 8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

O profesorado encargado de impartir a docencia deste módulo, deseñará unha actividade que realizará o alumnado na primeira semana de clase despois do inicio do curso para recoller os coñecementos iniciais do alumnado. Os resultados, axudarán a ter unha idea do nivel do alumnado, e axudarán a deseñar as estratexias durante o curso, para a elaboración de tarefas.

As valoracións que se realicen deberán ter un carácter cualitativo.

### 8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados, deseñaranse tarefas de apoio ou reforzo, cuxo obxectivo é apuntalar aquelas eivas detectadas que serán comentadas nas reunións mensuais do departamento de Informática.

Será nesas reunións, onde se propoña o deseño deste tipo de exercicios de apoio ou reforzo.

## 9. Aspectos transversais

### 9.a) Programación da educación en valores

Faranse respectar as normas de convivencia na aula, nos recreos e nas gardas e insistirase na importancia do seu cumprimento por todos os membros da comunidade educativa. Educarase nos seguintes valores:

Tolerancia e respecto á dignidade e igualdade de todas as persoas, independentemente da súa condición, sexo, relixión, cultura, etnia, nacionalidade, ideoloxía, lingua, etc. e rexeitamento de calquera tipo de discriminación.

Respecto e cumprimento das normas de convivencia do Centro e coidado no uso das dependencias e materiais.

Solidariedade entre todos os membros da comunidade educativa

Colaboración.

Responsabilidade.

Non violencia.

### **9.b) Actividades complementarias e extraescolares**

O departamento fixará ao comezo do curso o calendario de actividades complementarias e extraescolares. Este calendario poderá modificarse ao longo do curso.

## **10. Outros apartados**

### **10.1) COVID-19**

Debido á pandemia COVID-19, pódese dar o caso de que as clases presenciais teñan que ser suspendidas, e substituídos por actividades telemáticas. Toda a parte teórica así como as actividades a levar a cabo, están accesibles na aula virtual do módulo.

Así mesmo, a aula virtual, proporciona ao alumnado canles de comunicación co profesor e entre eles, para a formulación de calquera suxerencia, dúbida, ... Dispónse de mensaxería en foros para cada un dos temas e a nivel xeral. De ser necesario algún outra canle, como por exemplo videoconferencia, activaríase no momento preciso.